

VII WORKSHOP CMON

PROGRAMA

10:15: Benvida e presentación.

10:30: **O proxecto NOSA. Cos pés no chan e os ollos nas estrelas.**

Xosé Díaz Díaz (IES Marco do Camballón, Vila de Cruces)

O proxecto NOSA é unha iniciativa educativa posta en marcha desde varios centros públicos galegos. Busca promover vocacións, espertar a curiosidade do alumnado e favorecer o traballo en equipo a través dunha viaxe anual á estratosfera.

11:00: **Recreando paisaxes de outros mundos**

Francisco José Fernández Gómez

La presentación versará sobre las recreaciones de paisajes lunares de Nasmyth y de las misiones Apollo, y sobre cómo recrear paisajes lunares a partir de nuestras fotos.

11:30: **O decálogo do astrónomo afeccionado: unha experiencia divulgativa**

Carmen Castro Martínez (Clube Vega)

Na penúltima Galicia Maker Faire, o Clube Vega presentou, entre outras actividades, unha exposición fotográfica de 10 obxectos moi valorados polos astrónomos. A novidade consiste nunha audioguía que asocia a cada un dos obxectos unha breve explicación que se pode escoitar co móbil con só ler un código QR.

12:00: descanso

12:30: **Entre ferralla : como construír un observatorio astronómico de baixo presuposto**

Miguel Sánchez Varela (Clube Vega)

Contrucción dun observatorio particular en Arzúa.

13:00: **O que nos depara o primeiro Congreso Estatal de Astronomía en Galicia**

Denébola Álvarez-Seoane (Agrupación Astronómica Coruñesa Ío)

Presentación das novidades e elementos de interese do XXIV Congreso Estatal de Astronomía que celebrárase entre o 30 de abril e o 3 de maio de 2020 na Coruña.

13:30: **Fotometría de asteroides.**

Hugo González

Curvas de luz de asteroides. Técnicas y procedimientos. Otra posibilidad alternativa al alcance de todos para participar en programas PROAM: GAIA-GOSA (GAIA Ground based Observation Service for Asrweoids), CALL (Collaborative Asteroid Lightcurve Link), ALCDEF (Asteroid Lightcurve Photometry Database), MPO Canopus (Minor Planet Observer)



14:00: a comer.

16:00: Radiorreceptores definidos por software SDR-RTL

Javier Moldes

Instalación y configuración de un decodificador de TDT con chipset RTL como radiorecetor definido por software de propósito general para radioastronomía.

16:30: Ceos Galegos: divulgando astronomía

Dositeo Veiga (Ceos galegos)

Un proxecto que ao través da imaxe pretende facer divulgación científica e astronómica, así como doutras ciencias afíns. Por exemplo, meteoroloxía, física, óptica, xeoloxía... son temas que xorden de xeito natural ao través das imaxes que recibimos, publicamos e comentamos. Ademais, a convocatoria de concursos puntuais de imaxes, galerías na web de fotos de efemérides astronómicas e o concurso anual (gala de entrega de premios incluída), constitúen un xeito eficaz de aumentar o número de persoas da comunidade de Ceos Galegos. Ah, e o calendario.

17:00: Ocultacións interesantes por TNO nos vindeiros meses.

Ramón Iglesias Marzoa (Centro de Estudios de Física del Cosmos de Aragón, Clube Vega)

En vindeiras datas produciránse algunhas ocultacións de estrelas por obxectos trans-neptunianos (TNO) que poderían ser observables dende a península ibérica. Faremos un resumen das súas posibilidades de observación con instrumentos amateurs.

17:30: descanso

18:00: Os nomes das constelacións

Salva Bará (USC), Martin Pawley (Agrupación Ío), Dosi Veiga (Ceos galegos)

Non están, aínda en 2019, debidamente fixados os nomes das 88 constelacións en galego, e de feito nos dicionarios adoitan aparecer só algunhas. Neste traballo propoñemos unha listaxe posíbel de nomes e explicaremos as razóns das nosas escollas.

18:30: Coloquio sobre Contaminación lumínica. (CL)

Moderador: Gonzalo González (Secretario do Clube de Astronomía Vega).

19:30 (aprox) Despedida.